

Compostela, 17-3-53

Meu querido Seoane:

Fai xa tempo que recibín o teu fermoso libro "Fardel de cisilado". Fui demorando o escribírche porque esta tempada estiven verdadeiramente atafegado co-as cousas que tiña atrasadas. Primeiro por causa do casamento - caseime fai uns meses - e logo pol-a morte case requinta de Sous familiares, tiveron que me ausentar bastante tempo d-e aquí e tiña moitas cousas atrasadas. Agora xa estou ó día e xa teño lecer pra lles escribir ós amigos.

A min deixárame o Maside o seu exemplar de "Fardel de cisilado". Foi a primeira lectura. Despois, cando recibín o que me mandaches a min, volvin a lelo varias veces. Zamin llo deixei ler a varios amigos, especialmente ós rapaces novos. Atopo nil unha gran forza emotiva, que sin dubida é a que lle dá ese alento poético que envolve todo o libro. A imaxe representativa do "povoador galego" que se refrexa no poema do Ramón Cernadez é sinxelamente impresionante. Outro, como "Building castles in Spain", unen a forza da fatalidade á sinxela elemental da expresión, acadando un acerto poético máisimo. Pode me crer, querido Seoane, que o teu "Fardel de cisilado" é un dos libros máis orixinais e sinceros que se escribiron na nosa lingua n-istes derradeiros anos. Digocho de todo corazón, tal como eu o sinto. Zamin me intereseu enormemente o teu esforzo idiomático, que será máis apreciado canto máis tempo pase.

Si non mo tomas a mal, queira che pedir un favor. Nos lotes de libros que o Centro Galego enviou a

varias persoas de por eiquí visto un exemplar de revista "GALICIA" (numero extraordinario non sei si do ano 40 ou do 41) no que hai reproducido un grabado en madeira teu que me gustou extraordinariamente e que me gostaría tel-o sempre á vista; Poderíame ti conseguir un exemplar de "GALICIA" e mandarlamo? Eu fixen algun sondeo cos que a recibiron no envío dos libros, mais, como é natural, ningun quer desprenderse d-ela.

Por eiquí loitamos con bastantes dificultades técnicas. Con todo, calde día hai máis avos na xente. Unha nova promoción de rapaces que agora chega tráenos o alento vivo e quente do seu ledo entusiasmo.

O Manide está preparando unha exposición eiquí en Compostela, que será na segunda quincena de abril.

Tomamos café no "Español" e lembrámoste a ti moitas veces.

Unha aperta moi forte do teu bo amigo

Ramón Piñeiro